

# Paradela

*Senda infinita*

200 ANOS



Concello  
de Paradela



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

endesa

COLECTIVO  
EGERIA

# Paradela

## *Senda infinita*

- 1.** O Concello de Paradela CUMPRE 200 ANOS
- 2.** Pegadas DE VIDA
- 3.** No antigo RÉXIME
- 4.** Un dos primeiros CONCELLOS
- 5.** Primeiras noticias DOS CONCELLOS
- 6.** O Concello de PARADELA
- 7.** O tempo QUE PASA...
- 8.** Velaquí PARADELA
- 9.** Os Alcaldes de PARADELA
- 10.** Paradela CULTURAL
- 11.** Paradelenses ILUSTRES
- 12.** Paradela VIVA
- 13.** De Feiras e de FESTAS
- 14.** O Camiño de SANTIAGO
- 15.** Paradela, HOXE
- 16.** Un paraíso por DESCUBRIR

200 ANOS



Concello  
de Paradela

# Paradela

## *Senda infinita*

### O Concello de Paradela cumpre 200 anos!

Os 1.678 habitantes de Paradela celebramos que o noso Concello conmemora o seu bicentenario. E se non puidemos celebralo no momento exacto, facémolo neste Xacobeo prolongado, que para todos os galegos é tamén motivo de celebración.

Paradela e Sta. M<sup>a</sup> de Castro de Rei de Lemos, agora parroquia nosa, foron dous dos primeiros concellos constitucionais, e se daquela comezou a nosa historia moderna, celebralo dous séculos despois échenos de ledicia que vos queremos contaxiar.

Paradela, senda infinita de natureza e vida, é parte esencial do Camiño Francés a Compostela, acubillou vida desde hai milenios e navegou camiños de auga que, mesmo represados, son fonte de vida.

Convidámosvos a Paradela, agora e sempre, para descubrir os nosos segredos, a nosa vida e a nosa hospitalidade.

Benvidos á terra amiga de Paradela!



## Pegadas de vida



Medorras en Andreade, A Laxe, Castro de Rei ou Santa Cristiña, agochan as cinzas dos máis antigos paradelenses.





Nesta terra habitada polos castrexos, a memoria permanece soterrada en As Cortes e **Barán** que, aos poucos, van deixando entrever un fondísimo pasado.

Anacoretas ou cenobitas, os seus pregos seculares alzáronse ao ceo desde esta "Rivoira Sacratá" onde con letras de ouro están escritos os nomes de Santa María de Castro de Rei, **San Facundo de Ribas de Miño**, Santa María de Loio, Sismonde, San Xoán ou Santa Cruz de Loio.



Cando hai máis de mil anos os europeos comezaron a pasar por Paradela cara á capital de Occidente, en **Loio** naceu a Orde dos Cabaleiros de Santiago para a protección dos peregrinos e do Camiño.



— Románico e barroco, os estilos artísticos que polo Camiño chegaban de Europa a esta Fisterra quedaron plasmados para sempre ata nas máis humildes das nosas igrexas rurais.


Mesopotamia nosa, **as augas do Miño** e do Loio e dos innúmeros regatos que os alimentan engaiolaron a todos desde a máis remota antigüidade.



O Cruceiro de San Miguel de Paradela é coma un faro que marca o camiño certo.

## No Antigo Réxime

Na comarca de Sarria (concellos de O Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Sarria, Samos e Triacastela) conviviron durante séculos divisións eclesiásticas (mosteiros, arcediagados e arciprestados), militares (compañías e cantóns) e un conxunto de parroquias, coutos, xurisdicións, alfoces, concellos, partidos, partidos xudiciais e andadurías, que orixinaron no s. XIX os actuais concellos e partidos xudiciais.



Esta terra no período suevo pertencía ao Comitatu Paramensis, nos s. XI-XII ao Comes in Sarria, aparecendo no XVI a Merindade de Paradela (Estado de Lemos), e en 1753 a Xurisdición de Paradela (Condado de Lemos), coas parroquias de Suar, Santalla, Vilaragunte, Andreade, S. Miguel, S. Vicenzo e Sta. Cristiña de Paradela, Ribas de Miño e Barán. En 1769 terras de Paradela inclúense no Partido Hipotecario de Sarria, e en 1810 no Partido Electoral de Sarria para as Cortes de Cádiz.



O Arciprestado de Paradela comprendía, da actual Sarria, Vilamaior, Ortoá, Meixente, Belante, Biville e A Pinza; e de Paradela, Barán, Vilaragunte, Andreade, Castro de Rei, Aldosende, S. Facundo, S. Martiño, S. Mamede de Castro, Suar, Sto. André, S. Miguel, S. Vicenzo, Sta. Cristiña e Santalla de Paradela, Loio, Cortes, A Laxe e Francos.

No antigo réxime as terras de Paradela e Loio formaban parte de 6 xurisdicións territoriais ou eclesiásticas. Xurisdición ou Merindade de Paradela (Andreade, Barán, S. Miguel, S. Vicenzo, Sta. Cristiña e Santalla de Paradela, Suar e Vilaragunte); S. Pedro de Portomarín (S. Pedro, S. Mamede e S. Martiño de Castro, Cortes, Francos, Laxe e Loio); Somoza Maior de Lemos (Sta. María de Castro de Rei de Lemos e Couto de Castro de Rei); Encomenda de Portomarín (Ferreiros); Xurisdición de Taboada (Couto de Aldosende) e S. Facundo de Ribas de Miño (Coutos de Sta. Marta e S. Facundo).



# 4 Un dos primeiros concellos

En 1820, suprimidos Coutos e Xurisdicións, na comarca de Sarria creáronse trece concellos. Entre eles, con terras da actual Paradela e do seu arciprestado, os de Paradela e Castro de Rei de Lemos, ao que se engadiron parroquias do Saviñao. Por outra parte, creáronse S. Xoán de Portomarín (do Partido de Lugo), que tiña por súa a parroquia de Sta. María de Ferreiros, e tamén de Lugo- S. Pedro de Portomarín. As parroquias de Sto. André de Paradela, Sta. María de Vilamaior da Lobataira e Ortoá, do arciprestado de Paradela, integráronse no concello de Sarria; e Meixente, Belante, Biville e Pinza, tamén de Paradela, formaron parte do concello de A Pinza e Biville. O novo concello de Paradela limitaba cos de Pinza e Biville, S. Xoán e S. Pedro de Portomarín, Castro de Rei de Lemos e Sarria.

Concellos creados en 1820-1823 nas terras de Paradela



- SAN PEDRO DE PORTOMARÍN (Lugo)**
- 1 San Pedro de Portomarín
  - 2 San Xoán de Loio
  - 3 San Martín de Castro
  - 4 San Mamede de Castro
  - 5 San Salvador das Cortes
  - 6 Santiago de Laxe
  - 7 Santa María de Francos

- PARADELA (Sarria)**
- 1 San Miguel de Paradela
  - 2 San Facundo de R. de Miño
  - 3 Santalla de Paradela
  - 4 San Vicenzo de Paradela
  - 5 Santa Cristiña de Paradela
  - 6 San Lourenzo de Suar
  - 7 Santiago de Andrade
  - 8 Santa María de Vilaragunte
  - 9 San Pedro de Barán

- CASTRO DE REI DE LEMOS (Sarria)**
- 1 Santa María de Castro de Rei
  - 2 Santiago de Aldosende
  - 3 Santa María de Reiriz

- SAN XOÁN DE PORTOMARÍN (Lugo)**
- 1 Santa María de Ferreiros

PROVINCIA DE GALICIA. AÑO DE 1822.

Repartimiento general de los ochocientos mil reales de renta y otros mil ochocientos cincuenta y un reales vellón que han cubierto á toda la Provincia de las cinco millones decretadas por las Cortes en veinte y nueve de Junio del corriente año, sobre el consumo de vino, aceite, aguardiente, arroz y carne, con distinción de Partidos y Ayuntamiento de cada uno, á saber:

EL PARTIDO DE SARRIA	
1.ª Sarria	15.648, 15
2.ª Somoza de Villamaior	4.272, 16
3.ª Galiano	2.507, 19
4.ª Paradela	3.403, 36
5.ª Vilagallo	2.352, 11
6.ª Pinza y Biville	1.217, 16
7.ª Meixente	2.326, 8
8.ª Lemos	2.245, 17
9.ª Castro de Rei	6.248, 14
10.ª Castro de Aldosende	1.514, 16
11.ª Lemos	9.048, 14
12.ª Somoza Mayor	1.266, 15
13.ª Suar	13.266, 15
<b>Total</b>	<b>75.724, 15</b>



En 1823, pola reacción absolutista, suprimíronse provincias, partidos e concellos, e volveuse ao sistema de xurisdicións abolido pola Constitución de 1812, ata a morte de Fernando VII en 1833.



En 1834, para a demarcación do partido de Sarria polo oeste, incluíron a Xurisdición de Paradela (as catro Paradelas, Ribas de Miño, Suar, Andreade, Barán e Vilaragunte) e o Couto de Castro de Rei de Lemos coas parroquias de Santa María de Reiriz e Santiago de Aldosende.

## 5 Primeiras noticias dos Concellos

### Ayuntamiento de Paradela

Francisco Pallares. Antonio Rodríguez, Secretario. 18 de abril de 1821

*"Se actibó la construcción de cementerios pero la miseria de los Pueblos y la falta de arbitrios no lo permitió por lo que substituyen los atrios con bastante yndecencia".*

#### Escuela por temporada

*"Se procura la Ynstruccion de los niños en leer escribir y contar, para que heran precisas dos escuelas con Maestros de suficiencia: pero ni Ayuntamiento ni los Pueblos tienen a su Alcanze arbitrios algunos, como de anterior tienen manifestado. Y por lo mismo solo ay una escuela por temporada segun la ynstruccion de un Labrador al efecto, por no haber recursos de pagar a otro ynstruido y a este lo hacen los padres de los enseñandos. Por lo que el Ayuntamiento recuerda al sabio Gobierno destine algunas rentas de las que existen en este distrito correspondientes a las extinguidas Ordenes. No es subsceptible esta situacion de otros establecimientos ni los ay, como ni tampoco mas artes que las de unos labradores rusticos de montaña, sin artes, minas, plantios ni otra industria".*



#### Theatros y diversiones

*"En esta Alcaldía y su término no ay alguno ni es susceptible de ellos por la situación áspera y montañosa".*

### Ayuntamiento de Castro de Rey de Lemos

Manuel López. Benito López. Ángel Armesto. 3 de abril de 1821

*"De teatros y diversiones públicas. En los términos de esta Alcaldia no resulto en estos tres meses teatro ni diversion escandalosa que cause nobedad".*

#### Agricultura y cria de ganados

*"Quanto a las cosechas que produce este tereno no se conoze difirencia anteriores, y dan buena esperanza; en esta Alcaldia se disminueron dos labradores, los arriendos de las tierras bajaron la quarta parte. No se conoze crezer ni minguar los ganados a escepcion las de zerda que se han muerto de enfermedad mas de la metade".*



#### Un ferrado de centeno

*"En esta Alcaldía hay dos escuelas de primeras letras y estas puestas por dos labradores sin que tengan congrua ni sueldo alguno por no haver fondos de propios sino que cada individuo que concurre a dichas escuelas paga al maestro un ferrado de zenteno, una de las dos escuelas referidas en la parroquia de Castro de Rey, asisten a ella cinquenta individuos. La otra es Santa Maria de Reyritz, asisten a ella quinze sin que hayga otro divixo".*

# 6 O Concello de Paradela

Entre 1835 e 1840 dentro do Partido de Sarria estaban o **Concello de San Pedro de Portomarín** e o **Concello de Castro de Rei de Lemos** (con Aldosende e Sobreda). As parroquias do primeiro concello constitucional foron incluídas dentro do **Concello da Somoza Maior de Lemos**.

En 1840, suprimidos os Concellos de Castro de Rei de Lemos e San Pedro de Portomarín, consta a existencia do **Concello de Paradela**, limítrofe con Páramo, Sarria, Taboada, Portomarín e Saviñao, coas parroquias de Santiago de Aldosende, Santiago de Andreade, San Pedro de Barán, San Mamede de Castro, San Martiño de Castro, Santa María de Castro de Rei, San Salvador das Cortes, Santa María de Ferreiros, Santa María de Francos, Santiago de Laxe, San Xoán de Loio, San Miguel de Paradela (capital), San Vicenzo de Paradela, Santa Cristiña de Paradela, Santalla de Paradela, San Facundo de Ribas de Miño, San Lourenzo de Suar e Santa María de Vilaragunte.

Partido de Sarria (1835)



Concello de San Pedro de Portomarín (1835-1840)



A parroquia de Santa Marta de Ribas de Miño, por algúns anos recoñecida como tal (1835-1840), acabou integrándose na de San Facundo de Ribas de Miño. O considerar dúas parroquias (San Facundo e Santa Marta) debeu nacer do feito de que no Antigo Réxime eran coutos de titularidade diferente (Mosteiro de Montederramo e Conde de Lemos). A capitalidade do Concello, de S. Miguel de Paradela, pasou a Pacios (agora chamado Paradela).

Concellos da comarca de Sarria, 1835



Paradela e Concellos limítrofes, 1845



Ayuntamiento de Paradela.

Barrán, san Pedro.	354
Villaragunte, santa María.	462
Paradela, santa Cristiña.	1066
Andreade, Santiago.	87
Paradela, san Miguel.	75
Suar, san Lorenzo.	37
Paradela, san Vicenzo.	215
Paradela, santa Estalía.	86
Castro de Rey, santa María.	910
Ribas de Miño, san Facundo.	84
Cortes, san Salvador.	3
Loio, san Juan.	431
Ferreiros, santa María.	3
Laxe, Santiago.	3
Castro, san Mamede.	3
Castro, san Martín.	3
Almoureira, Santiago.	118
Ferreiros, santa María.	215
<b>Total.</b>	<b>300.638</b>

Reparto para o ano 1845 que correspondeu ás parroquias do Concello de Paradela dentro do total de 300.638 reais, distribuído por concellos e parroquias, pola contribución de palla e utensilios.



1834.- Suprímese o Voto de Santiago, imposto en especie instituído por Ramiro I.

1835.- Publícase o Real Decreto de Supresión de Mosteiros.

1846 e 1848.- Véndense os bens dos Priorados de Castro de Rei e San Facundo.

1873.- Nace a Banda de música O BARRIDO.

1880.- Consígnanse 500 pesetas ao ano como soldo do médico cirurxián que asistirá aos enfermos pobres.

1881.- O Concello quéixase de que malia pagarlle relixiosamente os impostos á Deputación Provincial, non recibe dela unha soa peseta.

1882.- O Alcalde quéixase á Facenda da aflitiva situación dos contribuíntes polos elevados impostos.

1924.- Créanse as escolas de Aldosende, Paredes de Arriba, Cereixal, Francos e Vilaragunte.

1924-1930.- A Alcaldía de Manuel Arias López coincide co goberno de Primo de Rivera. Créanse escolas e remátanse a estrada Sarria-Paradela-Portomarín, a ponte de Portomarín e a estrada a Lugo.

1931.- É elixido alcalde Ángel Pallares, primeiro alcalde republicano.

1934.- Na alcaldía de Ramón López González créase unha feira mensual na capital do concello.


1936.- O alcalde José López Armesto tivo que fuxir de Paradela. Naquel tempo morre o cura de Castro de Rei e foron incendiadas a reitoral de Castro de Rei, as igrexas de San Facundo e Castro, a reitoral de Sesmonde e a Casa de Tosende de Vilachá das Cortes. O edil socialista José Ramón Dosío e 14 veciños foron fusilados en aplicación de sentenzas de Consellos de Guerra.

1936.- O Gobernador nomea o Consello Local de Paradela. Alcalde, Benigno López; vogais, Luís López, Daniel López e Filomena López; secretaria, Asunción Sánchez Díaz, mestra.

1963.- A presa de Belesar anegou centos de fogares e as terras máis fértiles.

1965-1979.- Manuel Pallares na Alcaldía. Comeza a obra da Casa Consistorial, mércanse terreos para o Colexio, consolídase a electrificación e remátanse as estradas Paradela - Mosteiro Vello - Vilamaior (Sarria), do Barrio da Veiga, e de Pacios a Aldosende.

1979.- José Manuel Mato Díaz, alcalde aos 24 anos.



Anuncio en El Lucense, 25/06/1887



No Arquivo Histórico Nacional figuran as reproducións dos selos utilizados polo AYUNTAMIENTO CONSTITUCIONAL e pola ALCALDIA CONSTITUCIONAL DE PARADELA, dos que se ignoran "origen y circunstancia".

# Velaquí Paradela

## Habitantes do Concello

1842 - 3.566  
 1845 - 4.243  
 1860 - 5.088  
 1877 - 4.659  
 1882 - 5.100  
 1887 - 4.815  
 1900 - 4.875  
 1910 - 5.154  
 1920 - 5.251  
 1928 - 5.707  
 1930 - 5.062  
 1940 - 5.122  
 1950 - 4.808  
 1960 - 5.174  
 1970 - 3.511  
 1981 - 3.311  
 1991 - 3.141  
 1995 - 2.867  
 2000 - 2.655  
 2005 - 2.367  
 2010 - 2.091  
 2015 - 1.934  
 2020 - 1.739  
 2022 - 1.678

## Habitantes da capitalidade

1900 - 63  
 1930 - 67  
 1960 - 192  
 1981 - 250  
 1996 - 334  
 2000 - 325  
 2010 - 251  
 2015 - 230  
 2020 - 235  
 2022 - 243



Distancias a:  
 SANTIAGO DE COMPOSTELA: 115 km.  
 LUGO: 35 km.  
 SARRIA: 17 km.

**Superficie: 120 Km<sup>2</sup>**



## Orzamento municipal

1924/25 - 22.343 pts.  
 1928 - 26.664 pts.  
 1973 - 1.304.579 pts.  
 1986 - 20.000.000 pts.  
 1987 - 30.442.000 pts.  
 1988 - 30.532.100 pts.  
 1990 - 52.476.204 pts.  
 1995 - 125.000.000 pts.  
 2000 - 319.307.200 pts.

2005 - 1.272.360 €  
 2010 - 1.087.500 €  
 2015 - 1.350.000 €  
 2016 - 1.220.000 €  
 2017 - 1.350.000 €  
 2018 - 1.515.000 €  
 2019 - 1.575.000 €  
 2020 - 1.780.000 €  
 2021 - 1.970.000 €  
 2022 - 1.750.000 €



**Escudo do Concello**

“Escudo cortinado: En campo de azur, unha mitra de ouro. En campo de azur, unha campá de prata. Cortiña de ouro cunha cruz de Santiago de gules, acompañada de dúas árbores de sinople. Deberá timbrarse cunha Coroa Real de España”.

D.O.G. 17/10/1986



**Bandeira**

“Cadrada, xironada en baixo de azul e ouro cunha cruz de Santiago vermella no xirón. A hasta terminada no seu extremo superior por unha Coroa Real de España ou por un pomo”.

D.O.G. 11/12/1986



## Os Alcaldes de Paradela

Nesta relación de Alcaldes de Paradela pode haber omisións, lagoas ou erros polos que pedimos desculpas, xa que o tema segue aberto a investigacións por parte de especialistas na materia. As fontes para esta relación foron os libros de investigación de Ángel Fernández López, Fillo Predilecto de Paradela, o traballo de Andrés Páramo (+) e o do que foi Cronista Oficial de Sarria, de familia paradelense, Xaime Félix López Arias (Arlindo).

### Primeiro achegamento á relación de Alcaldes de Paradela:

- 1821.- Francisco Pallares (Antonio Rodríguez, Secretario)
- 1844.- Bartolomeu López. Teniente de Alcalde: Xacinto Fernández  
Síndico: Francisco López Pereiraboa
- 1847.- Antonio Pérez (Vilaragunte), o maior contribuínte do concello
- 1853.- Juan Sánchez (polo menos ata 1856)
- 1870.- Manuel Pallares
- 1871.- Melchor Rodríguez
- 1874-1881.- Francisco López
- 1881-1886.- Manuel de la Vega y Aúz
- 1886.- Manuel Pallares
- 1891.- Manuel de la Vega y Aúz
- 1899-1905.- Manuel López Vázquez
- 1905.- Manuel de la Vega y Aúz
- 1908.- Pedro Pérez López
- 1910.- José Ramón González García
- 1912.- Ángel Pallares García
- 07/1921-11/1923.- Ángel Pallares Fernández
- 11/1923-01/1924.- Manuel López Rodríguez
- 02/1924-04/1924.- Antonio López López
- 04/1924-01/1930.- Manuel Arias López
- 02/1930-04/1930.- Francisco González López (En funcións)
- 04/1930-03/1931.- Ramón López González
- 04/1931-¿?.- Ángel Pallares Fernández (Goberno da República)
- 09/1933-04/1934.- José López Armesto (Partido Republicano Galego)
- 04/1934-12/1935.- Ramón López González
- 01/1936-06/1936.- José López Armesto / Enrique Díaz Vázquez (En funcións)
- 08/1936-01/1937.- Benigno López Vázquez, O Pereiraboa (Provisional)
- 01/1937-12/1937.- Daniel López Fernández (En funcións)
- 08/1939-11/1939.- Benigno López Vázquez
- 11/1939-12/1948.- Matías López Torres
- 1949-1959.- Benigno López Vázquez
- 1959-1964.- Manuel Gonzalo López Rodríguez
- 10/1964-12/1965.- Gerardo Pérez López (Interino)
- 12/1965-04/1979.- Manuel Pallares López
- 20/04/1979.- José Manuel Mato Díaz



Manuel Gonzalo López, Manuel Pallares e José Manuel Mato



Benigno López Vázquez



Daniel López Fernández



Manuel Gonzalo López Rodríguez



Gerardo Pérez López



Manuel Pallares López



José Manuel Mato Díaz

# Paradela cultural

O Concello de Paradela é unha potencia cultural. En instalacións, hai que destacar o **CEIP Plurilingüe San Miguel**, no que cursan os seus estudos os máis novos paradelenses, o **Centro Sociocultural** que leva o nome do escritor **Manuel Rodríguez López**, coa **Biblioteca Pública Municipal**, e o **Centro Socio Cultural de Aldosende**.



O evento cultural municipal de maior repercusión é o **Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López**, ao que concorren cada ano máis de mil traballos en narrativa e poesía de todo o mundo de fala galega e hispana, celebrándose ininterrompidamente desde 1998, e tendo publicados vinte e seis libros cos traballos premiados.

A agrupación musical máis representativa é a **Banda de Paradela**, nacida en 1873 co nome de O Barrido, disolta en 1962 e recuperada en 1986, con centos de actuacións representando ao noso concello.



**BANDA DE PARADELA**



En canto ao idioma, o cemiterio de **San Facundo de Ribas de Miño** é o único de Galicia con todas as lápidas en galego, e o de San Miguel alberga o **Panteón de Paradelenses Ilustres**, tamén único no seu xénero en Galicia, como acredita a placa colocada o 1 de novembro de 2021.

E xa que hogano se considera con toda xustiza a gastronomía como unha manifestación cultural dos pobos, citemos as **Anguías** -lembanza da secular colleita das augas do Miño-, que concitan cada ano nas terras de Paradela a milleiros de devotos deste especial manxar.



# 11 Paradelenses ilustres

A grandeza dos pobos provén do traballo das súas xentes: o estudo dos máis novos; a ilusión e a forza da mocidade; o traballo de homes e mulleres que fan avanzar o mundo... De entre os paradelenses, o Concello ten nomeado fillos predilectos a cinco "grandes":



**XESÚS MATO MATO** (Cabodevila, 1932). Grego e musicólogo. Creador de Fuxan os Ventos e Auxilia. A Xunta de Galicia concedeu-lle a Medalla Castelao.



**MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ** (Randulfe, 1934 - Lugo, 1990). Poeta obreiro, vencello cos galegos en Catalunya. Casa da Cultura e Certame Literario levan o seu nome.



**DIEGO LÓPEZ RODRÍGUEZ** (Paradela, 1981). Futbolista de fulgurante carreira nos clubs Sarriana, C. D. Lugo, Real Madrid, Villareal, Sevilla, Milán, Español... sen esquecer nunca a Paradela.



**ÁNGEL FERNÁNDEZ LÓPEZ** (Paradela, 1935). Pedagogo e escritor, con esenciais estudos sobre os históricos mosteiros das terras de Paradela.



**JOSÉ LÓPEZ LÓPEZ**. Funcionario municipal de extraordinaria actividade e xeral consideración.

Honra, así mesmo, Paradela, aos que non nacendo no Concello, nel deixaron importante pegada, nomeándoos fillos adoptivos:



**EMILIO FRANCO GARCÍA**, veterinario. Do seu paso polo concello quedou a lembranza dun gran profesional e magnífica persoa.



**FAUSTINO LÓPEZ RODRÍGUEZ**. Secretario municipal. Oriúndo do Páramo, integrouse en Paradela como un dos nosos.

Como paradelenses destacados cómpre mencionar a:



**MANUEL RAMIRO PALLARES LÓPEZ**, da Casa da Abelaira. Avogado, intelectual, autor do Vocabulario de Paradela.



**ALBERTO LÓPEZ LÓPEZ**. Activista cultural con grande actividade educadora e social en todo o concello.



**ELISEO LÓPEZ GONZÁLEZ**, O Dentista de Aldosende (Paradela, 1908). Auténtica lenda social polo seu traballo en toda a comarca.



**JESÚS LÓPEZ GONZÁLEZ**, "El Patriarca del Loyo" (1903 - 1957). Historiador, etnógrafo e poeta.



**CÁNDIDO LÓPEZ LÓPEZ**. Emigrante en Suíza, promoveu un equipo de fútbol que veu xogar a Paradela. Protagonista do rexurdir da Banda de Música.



**EMILIO LÓPEZ GONZÁLEZ (MATANZA)**. Poeta popular.



**ÁLVARO DE LA VEGA** (Paradela, 1954). Destacado escultor.

Manuel Amor Meilán, na Xeografía do Reino de Galicia de Carreras y Candi, fala de **FRANCISCO JAVIER LOSADA**, "un dos máis importantes dos Señores de Loyo, general de los ejércitos defensores de la integridad nacional", e destaca ao ilustre paradelense **PEDRO LÓPEZ RIVERA**, abade loitador contra os franceses que queimaron a súa casa e igrexa, foi cóengo da Catedral de Lugo, secretario da Xunta de Galicia, maxistral, deán e gobernador eclesiástico de Lugo, e bispo electo de Tui.

# Paradela Viva

A vida en Paradela está animada por diversos colectivos que perseguen fins culturais, deportivos, económicos ou sociais, e canalizan infinidade de esforzos.

## ASOCIACIÓN DE MULLERES DE PARADELA

Constituída no ano 2011, ten 200 asociadas, e está presidida por Rocío Domínguez Brea. Ten como fins principais a formación e o lecer das súas asociadas, destacando as viaxes culturais, manualidades, pilates, formación cultural e xuntanzas en ocasións sinaladas do ano.

## S. D. PARADELA

A S. D. Paradela, na segunda categoría do fútbol galego, conta cunha longa traxectoria deportiva desde o seu nacemento en 1981, ten na actualidade 350 socios, e está presidido por Roberto López Rodríguez.

## PEÑA DIEGO LÓPEZ

Paradela ten unha gran devoción polo futbolista nado nesta terra, Diego López. A Peña que leva o seu nome, creada en 2006, ten 218 socios e está presidida por Francisco González Pérez. Cada ano, coincidindo coas vacacións do xogador, réndelle homenaxe nunha cea na súa honra.

## OS MOUCHOS

Presididos por Andrés Espín Arias, Os Mouchos son un equipo de devotos das motos que gozan do pracer da viaxe, rápida ou repousada, descubrindo mundos imposibles para os automobilistas. Anualmente xúntanse en Paradela facendo, á vez, festa e espectáculo. Creada en 2002, ten 21 asociados.

## ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE PARADELA, ADESPA

Creada co apoio do Concello no ano 2002, está presidida por Rosa Castaño Busto, e ten como fins a impulsión económica e social do Concello de Paradela. Está xestionada por un consello de seis membros.

## ASOCIACIÓN CULTURAL O BARRIDO

Co nome de O Barrido naceu en 1873 a Banda de Paradela. Na actualidade, O Barrido é unha asociación cultural, con sede na antiga Casa da Cultura, con 86 socios, presidida por José Manuel López Pérez.

## ASOCIACIÓN XUVENIL DE CASTRO DE REI

Creada en 2004, ten 89 socios e está presidida por Antonio López Rodríguez.

## ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA BANDA DE MÚSICA

Creada en 2014, ten 42 socios e está presidida por María Sol Arias López.

## ASOCIACIÓN VECIÑAL DE VILARAGUNTE

Creada en 2018, ten na actualidade 62 socios, e o seu presidente é David Rivera López.



## De feiras e de festas

Feiras e festas da capital das terras de Paradela acabaron por coincidir en ampla e céntrica praza, no centro da vila, mesmo á beira da avenida que atravesa o pobo, e que serve de enlace entre Sarria e Portomarín.



Do mercado hai memoria desde comezos do século XVII, polo existente en Vilamaior de Lobataira, agora en terreos de Sarria. Logo trasladouse a Pacios, e do último domingo do mes pasou ao día 15, sendo o mercado máis grande o do mes de maio.



Pasou logo Pacios a chamarse Paradela, e por fin o entón alcalde Daniel López (1938) crea a definitiva feira de Paradela en lugar que se converteu en campo da feira, lugar público agora coroado co chamado Multiusos, honrando ao pobo coa súa existencia, acollendo feiras, festas de mozos ou maiores, acontecementos de todo tipo, e revalidando o papel da praza como o centro comercial e festeiro da capital do concello.



# 14 O Camiño de Santiago

O Camiño Francés a Compostela, o que Carlomagno admirou na noite de Aquisgrán, pasa polas terras de Paradela, elixindo os máis fermosos paraxes para mellor irmandar camiñante e natureza.



100 Km. a Santiago



Igrexa de Ferreiros



Hai trinta anos as autoridades xuntáronse en Paradela para darlle vida ao Camiño. Hoxe en día, o monólito que marca os 100 km. que ao peregrino lle restan ata a cidade do Apóstolo, o albergue de Ferreiros, o letreiro que lembra aos Francos peregrinos, e todo un conxunto harmónico de verdor e paz, arredan da vital e atractiva capital aos que a soidade procuran. Para os que queren ver, ser vistos, e participar na vida de Paradela, a capital por eles agarda.

Recuperación do Camiño, 1993



Albergue de peregrinos





# Paradela, hoxe

Esta é unha visión de conxunto dos elementos que proclaman a modernidade de Paradela, implicada nun futuro que loita por facer máis brillante. Posúe o concello unha moderna **Casa do Concello**, como centro administrativo; unha **Casa da Saúde** para atención da problemática sanitaria dos seus habitantes, e un modernísimo **Centro da Terceira Idade** que atende e acompaña aos máiores de Paradela.



Para grandes actos públicos dispoñemos dunha moderna instalación **Multiusos** que tanto pode albergar a anual homenaxe aos maiores, celebracións culturais, festas e, naturalmente, as feiras, das que a do quince de maio é un dos maiores alicientes comerciais do Concello.

A posta en marcha dun **Polígono Industrial**, que conta ademais cun **Viveiro de Empresas** promovido polo Concello, é o camiño certo para a ordenación e mellora de servizos para a industria e o comercio.



Neste concello agro-gandeiro e á vez turístico e industrial pode convivir a imaxe bucólica dun gran rabaño de gando lanar cunha empresa punteira a escala nacional, e a imaxe das numerosas granxas coa dos eólicos, garantía de enerxía limpa e abundante.



## Un paraíso por descubrir

Con camiños de historia para chegar a mosteiros milenarios; co maior Camiño de Europa para chegar ao Fin da Terra; unha Ribeira Sacra chea de vida; e unha vida chea de historia.



Somos terra viva para comerciar, falar ou camiñar. Quen queira modernidade, sorpréndase cos nosos contactos cos mundos virtual e real; somos un pequeno concello, situado en lugar de honra da cultura de Galicia... Quen busque feira ou festa, comercio e lecer, camiños e Camiño, que veña botarlle unha ollada a Paradela, e atopará grandes e medianas empresas, industriais ou gandeiras, unha gastronomía incomparable, e unha xente que, verdadeiramente, mereces.



Somos un paraíso natural aberto ao mundo, compartindo o agasallo que a natureza nos deu. Todos os Camiños pasan por Paradela... Pero destacamos dous especialmente ben sinalizados: O Camiño Francés a Compostela, que Carlomagno soñou como un regueiro de estrelas no ceo, e os grandísimos muíños que parecen chegar ao ceo e que Don Quixote non dubidaría en coidar que son os novos xigantes braceando incansables para que non vos vaiades sen ver unha terra diferente.



**PARADELA, SENDA INFINITA** pretende ser, á vez, unha realidade e unha metáfora. A metáfora sería a Paradela temporal; a realidade, a Paradela eterna.

A Paradela temporal é unha senda que comezamos a percorrer os paradelenses hai milleiros de anos, sabendo que a terra que pisamos é un gozoso misterio cunha chea de segredos e tesouros polos que tiñamos que loitar por nós, e contra nós mesmos. Unha viaxe no tempo que non está ao alcance de todos os camiñantes, pero que ledicia cando chegamos a esta terra, cando notamos que a pisamos e posuímos!

A Paradela real é a existencial, a física, a das estradas que nos levan con rapidez dun a outro punto do noso existir, pero tamén aquela que nos leva por camiños máis difíciles e polo tanto máis fermosos, máis nosos canto menos invadidos están pola modernidade.

E esas dúas Paradelas (seguro que son só dúas?) son as que queremos que provoquen en vós un especial sentimento, un excepcional goce.

Porque Paradela, aínda que veñades de moi lonxe, é cada un de vós. E moi posiblemente descubrades que cada un de vós, vendo, pisando, gozando desta terra, é tamén parte dela. Porque vós, en definitiva, vides a ser (de) PARADELA.



**Exposición itinerante  
PARADELA, SENDA INFINITA  
200 anos do Concello de Paradela**



**Promove** CONCELO DE PARADELA

**Colaboración especial** XUNTA DE GALICIA, XACOBEO 21-22,  
ENEL GREEN POWER AND TG IBERIA

**Realiza** COLECTIVO EGERIA

**Textos** XULIO XIZ

(En base a informacións de Xaime Félix López Arias, Arquivo municipal,  
Ángel Fernández López, Xosé Fariña Jamardo, Andrés Páramo Casas,  
Manuel Amor Meilán e colaboradores das terras de Paradela)

**Asesoría histórica** XAIME FÉLIX LÓPEZ ARIAS (Arlindo), Avogado e historiador

**Fotografía** ARQUIVO MUNICIPAL, GALICIADIGITAL  
e diversas achegas particulares.

**Creación da Imaxe do Bicentenario** TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.

**Deseño exposición** DESEÑO

**Dirección** ANTONIO GIZ

# Senda infinita

